

**BASES DA CONVOCATORIA SELECTIVA PARA CUBRIR POR SISTEMA DE CONCURSO E MEDIANTE CONTRATO DE DURACIÓN DETERMINADA, MODALIDADE: OBRA OU SERVIZO, UN (1) POSTO DE "TÉCNICO SUPERIOR SISTEMAS " (Ref: TICT08-TSS1)**

O Ministerio de Educación y Ciencia, en Resolución do 20 de febreiro do 2008, da Secretaría de Estado de Universidades e Investigación pola que se publica a convocatoria correspondiente a 2008, de axudas á contratación de persoal técnico de apoio, no "Programa Nacional de Contratación e Incorporación de Recursos Humanos de Investigación en el marco del Plan Nacional de Investigación Científica, Desarrollo e Innovación Tecnológica 2008 - 2011" (BOE núm. 50 de 27 de febreiro de 2008),

I.- A Fundación Centro Tecnológico de Supercomputación de Galicia (Fundación CESGA) ten previsto presentarse á convocatoria arriba citada, polo que precisa seleccionar e propoñer candidatos para os postos que se solicitan.

A Fundación Centro Tecnológico de Supercomputación de Galicia, é unha Fundación de carácter público, dependente da Consellería de Innovación e Industria. En cumprimento da Lei 10/1996, de 5 de novembro, de actuación de entes e empresas nas que ten participación maioritaria a Xunta de Galicia, en materia de persoal e contratación, acorda a convocatoria de selección de persoal.

As condicións dos postos, que se reflexan na Resolución do MEC antes citada resumense nas seguintes:

1. Data prevista de incorporación: decembro 2008 (condicionada á Resolución do MEC).
2. Contrato: obra ou servizo determinado (duración aproximada: 36 meses)
3. Salario bruto Titulados Universitarios de grao superior: 22.500 euros anuais.
4. Lugar de traballo: Santiago de Compostela

**I. Obxecto da convocatoria:**

A Fundación precisa cubrir con carácter temporal 1 posto:

*TÉCNICO SUPERIOR SISTEMAS (Ref: TICT08-TSS1)*

*TITULACIÓN:*

- *LICENCIADO EN FÍSICA, MATEMÁTICAS OU QUÍMICA OU ENXEÑEIRO SUPERIOR INFORMÁTICO OU TITULACIÓN SUPERIOR EQUIVALENTE DE AREAS TÉCNICAS*

como personal de soporte técnico ás Infraestructuras Científico-Tecnolóxicas.

As funcións para este posto serán:

- Soporte técnico dos servidores supercomputación
- Operación
- Determinación de problemas, seguemento e resolución
- Mantemento do rexistro de incidencias. Mantemento dos sistemas.
- Colaboración na determinación de arquitecturas de hardware e software óptimas.
- Soporte a usuarios relativo á execución das súas aplicacións na supercomputación.
- Mantemento e análise das estatísticas de uso da supercomputación.

- Mantemento e seguemento dos servizos de monitorización.
- Desenvolvemento de ferramentas de monitorización
- Desenvolvemento de ferramentas de accounting
- Promoción e impartición de cursos de formación aos usuarios do centro.
- Participación en proxectos de I+D+i da área supercomputación.
- Presentacións en conferencias e congresos nacionais e internacionais.

## **II. Réxime xurídico da contratación:**

O contrato revestirá a modalidade de contrato de obra ou servizo, conforme ao establecido no artigo 15.1 A) do Estatuto dos Traballadores e ao artigo 7 da Lei 10/1996, de 5 de novembro, de actuación de entes e empresas nas que teñen participación maioritaria a Xunta de Galicia, en materia de persoal e contratación.

## **III. Duración.**

A contratación obxecto da presente convocatoria efectuarase con carácter temporal limitada á duración dos traballos para os que se contrata ao traballador no proxecto indicado ao comezo das Bases, estimándose un período aproximado de 36 meses, de acordo coa resolución do MEC.

## **IV. Requisitos:**

Os que figuran nas disposicións Específicas do Subprogrma de Personal Técnico de Apoyo (Subprogrmas MEC-PTA) según a convocatoria do Ministerio de Educación y Ciencia, no BOE, en Resolución do 20 de febreiro do 2008, da Secretaría de Estado de Universidades e Investigación pola que se publica a convocatoria correspondente a 2008, de axudas á contratación de personal técnico de apoio, no "*Programa Nacional de Contratación e Incorporación de Recursos Humanos de Investigación, en el marco del Plan Nacional de Investigación Científica, Desarrollo e Innovación Tecnológica 2008– 2011*" (BOE núm. 50 de 27 de febreiro de 2008).

## **V. Documentación a presentar obrigatoriamente:**

- Solicitude dirixida ao Director-Xerente da Fundación CESGA (ver Anexo I).
- Currículo vitae (CV), no que se fará constar a concorrencia dos requisitos esixidos e puntos valorados segundo as bases desta convocatoria.
- Fotocopia simple do título esixido no punto I das bases ou documento que acredite fidedignamente a posesión do correspondente título académico.
- Fotocopia simple do D.N.I. ou pasaporte.
- Fotocopia simple do expediente académico referido á titulación requirida.
- Fotocopia simple das xustificacións dos méritos alegados no CV. A certificación de participación en proxectos farase ben presentando copia do contrato no que figure o proxecto ou por certificación de que figura como solicitante do proxecto expedida polo Ministerio, Universidade ou Administración Autónoma correspondente.

O aspirante seleccionado deberá presentar nas dependencias da Fundación CESGA, no prazo de 10 días, os seguintes documentos:

- a) Fotocopia compulsada do D.N.I. ou pasaporte.
- b) Fotocopia compulsada do título esixido no punto I das bases ou documento que acredite fidedignamente a posesión do correspondente título académico.

- c) Orixinal das xustificacións dos méritos alegados para a súa comparación.

#### **VI. Lugar e prazo de presentación de solicitudes:**

- As solicitudes dirixidas ao director-xerente da Fundación deberán presentarse no modelo normalizado, Anexo I da presente convocatoria.
- Presentaranse na Secretaría da Fundación, ou remitiranse por correo certificado ás oficinas da Fundación CESGA sitas na Avenida de Vigo, s/n (Campus Sur),15705 Santiago de Compostela ou por correo electrónico na dirección [emprego@cesga.es](mailto:emprego@cesga.es). Neste último caso, toda a documentación terá que vir anexada en formato PDF e só se considerarán válidas as recibidas no CESGA antes da data límite de presentación.
- O prazo de presentación será de 10 (dez) días naturais contados a partir do día seguinte da publicación da presente convocatoria en prensa.
- A dirección que figure nas instancias considerárase como a única válida para os efectos de notificacións, sendo responsabilidade exclusiva do aspirante tanto un erro na súa consignación como a comunicación á Fundación, de calquera cambio nel.
- Finalizado o prazo de presentación de solicitudes, a comisión de selección publicará as listas previas de admitidos e excluídos ao proceso de selección, con indicación da causa de exclusión, establecéndose un prazo de tres (3) días naturais para, a petición do interesado, reparar calquera erro que sexa subsanable.
- Todas as publicacións faranse no taboleiro de anuncios, no Edificio da Fundación e na páxina web da Fundación [www.cesga.es](http://www.cesga.es)

#### **VII. Proceso de selección:**

A selección, de conformidade co disposto no artigo 4 da Lei 10/1996, de 5 de novembro efectuarase por unha comisión designada ao efecto (Anexo II).

O proceso de selección consistirá:

1. Nun concurso de méritos acreditados por cada candidato, ata unha puntuación máxima de 48 puntos e conforme ao BAREMO do Anexo III.
2. Finalizada a valoración dos méritos, a Comisión publicará no taboleiro de anuncios da Fundación e na páxina web da Fundación [www.cesga.es](http://www.cesga.es), un acordo coa listaxe da puntuación de todos os aspirantes. No comunicado sinalaranse aqueles candidatos seleccionados para acudir á entrevista persoal, indicando a data, hora e lugar da mesma. Realizarán a entrevista, os 5 primeiros candidatos que conseguiran a mellor puntuación na Valoración de Méritos (Anexo III) e que cumpran con todos os requisitos para este posto.
3. A entrevista que non superará os quince minutos, terá unha valoración máxima de 2,5 puntos e versará sobre:
  - Perfil do candidato
  - Complementos do currículum vitae
  - Idoneidade do candidato para o posto
  - Dispoñibilidade de incorporación
  - Contraste de coñecementos
  - Expresión oral

No caso de infrarrepresentación do sexo feminino e de empate entre os méritos de

dous ou máis candidatos estarase ao disposto no artigo 37 da lei 7/2004 de Galicia, e prevalecerá a orde alfabética iniciándose pola letra establecida na resolución da Consellería da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 29 de xaneiro de 2008 (DOG do 5 de febreiro)

Contra este acordo, os aspirantes que o consideren oportuno poderán presentar reclamación diante da comisión no prazo de tres (3) días naturais contados a partir do seguinte ao da súa exposición.

### **VIII. Resolución**

Unha vez finalizado todo o proceso anterior, a comisión de selección publicará a través da páxina web da Fundación ([www.cesga.es](http://www.cesga.es)), o nome da persoa seleccionada para o posto; ésta deberá presentar a documentación final referida no punto V das bases e fará a solicitude conxunta coa Fundación CESGA ao Ministerio de Educación y Ciencia segundo a resolución referida no punto IV das bases. A formalización do contrato quedará condicionada á resolución positiva da solicitude por parte do Ministerio de Educación y Ciencia e ó informe favorable emitido pola Dirección Xeral de Función Pública e a Dirección Xeral de Orzamentos da Xunta de Galicia. O contrato temporal será por obra ou servizo determinado, suxeito ao período de proba regulado no artigo 14 do Estatuto dos Traballadores, actuando como órgano de contratación da Fundación o seu Presidente, acto para o que está facultado en virtude da escritura de poder outorgada con data 22 de xaneiro de 2004 ante o notario do Ilustre Colexio de Galicia D. Enrique Roger Amat e co número de protocolo 214.

Santiago de Compostela, 12 de marzo de 2008

Javier García Tobío  
Director-Xerente  
Fundación Centro Tecnológico de Supercomputación de Galicia

**ANEXO I**

## MODELO DE SOLICITUDE

<b>1.- SOLICITANTE</b>		
Apellidos:	Nome:	
DNI:		
Dirección particular (rúa, etc. ):		Nº
Localidade:	Provincia:	CP:
Tfno.:	e-mail:	
<b>2.- DATOS ANUNCIO</b>		
Referencia anuncio:		
Data publicación anuncio:		
<b>3.- DOCUMENTACIÓN</b>		
Currículo Vitae: <input type="checkbox"/>	Copia DNI: <input type="checkbox"/>	
Copia Titulación: <input type="checkbox"/>	Copia Expediente académico: <input type="checkbox"/>	
Copia dos xustificantes dos méritos alegados: <input type="checkbox"/>		
Outra documentación:		

**DECLARACIÓN XURADA:**

O abaixo asinante declara baixo xuramento non padecer enfermidade ou defecto físico que lle impida desempeñar as funcións correspondentes ao posto de traballo da praza á que opta, e non estar separado do servizo de ningunha Administración pública en virtude de expediente disciplinario, nin atoparse inhabilitado por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas.

*De conformidade co establecido na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, o interesado queda informado e presta o seu consentimento expreso e inequívoco á incorporación dos seus datos aos ficheiros automatizados existentes na FUNDACIÓN e ao tratamento dos mesmos para esta convocatoria de prazas, incluíndo a publicación das listas na WEB do CESGA.*

Solicita a participación no proceso de selección convocado pola Fundación e referenciado no punto 2 desta solicitude.

Santiago de Compostela, ..... de ..... de 2008

Fdo.: .....

**DIRECTOR XERENTE  
FUNDACIÓN CESGA  
Avda. de Vigo, s/n (Campus Sur)  
15705 Santiago de Compostela (A Coruña)**

## **ANEXO II**

### **COMISIÓN DE SELECCIÓN:**

1 .- A comisión de selección estará formada, para cada praza, por:

- a) Presidencia: Subdirector Técnico da Fundación CESGA
- b) Vocais:
  - Coordinador de Sistemas da Fundación CESGA
  - Administradora de Teleensino da S.A. Xestión CESGA

O Presidente da Fundación, en caso de necesidade, poderá nomear suplentes. A Comisión poderá nomear asesores expertos, os cales limitaranse ao exercicio das súas respectivas especialidades e colaborarán coa comisión con base exclusivamente nas mesmas.

En todo caso, a Fundación procurará a paridade entre mulleres e homes na designación da comisión de acordo co establecido no artigo 36 da lei 7/2004.

2 .- Os membros da comisión absteranse de intervir, notificándollo ao presidente, cando concorran neles circunstancias das previstas no artigo 28 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou que realizen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria.

O presidente poderá solicitar aos membros da comisión de selección declaración expresa de non atoparse incurso nas causas sinaladas de abstención.

Os aspirantes poderán recusar aos membros da comisión de selección cando concorran as circunstancias previstas na presente base.

3 .- Para actuar válidamente a comisión, requirirase a presenza in situ ou por videoconferencia de todos os seus membros.

As decisións da comisión de selección adoptaranse por maioría dos membros presentes no momento da votación e en caso de empate, resolverá o voto de calidade do presidente da comisión de selección.

4 .- Para efectos de comunicación e demais incidentes, a comisión terá como sede as oficinas da Fundación CESGA sitas na Avenida de Vigo, s/n (Campus Universitario Sur) - 15705 Santiago de Compostela.

### **ANEXO III**

#### **Baremo Valoración de Méritos:**

1. EXPEDIENTE ACADÉMICO NA TITULACIÓN ESIXIDA no punto I das Bases da Convocatoria: máximo 4 puntos. As cualificacións, valoraranse utilizando a media ponderada segundo a lexislación vixente tomando como referencia o seguinte baremo:

<b>CUALIFICACIÓN</b>	<b>PUNTOS</b>
MATRÍCULA DE HONRA	4
SOBRESAINTE	3
NOTABLE	2
APROBADO	1
SUSPENSO/NON PRESENTADO	0

2. COÑECEMENTOS DE INGLÉS: Máximo 3 puntos. Acreditados e/ou certificados segundo a seguinte táboa ou outro tipo de acreditación/certificación equivalente atendendo á escala de Eurocentres:

<b>INGLÉS</b>	<b>PUNTUACIÓN</b>
P.E.T. (Preliminary English Test)	1,5 puntos
F.C.E. (First Certificate in English)	2,0 puntos
C.A.E. (Certificate Advanced English)	2,5 puntos
3º e 4º curso da EOI	2,5 puntos
1 ano ou máis de residencia en país anglosaxón ou traballando nun centro de I+D internacional	2,5 puntos
C.P.E. (Certificate of Proficiency in English)	3,0 puntos
5º curso da EOI	3,0 puntos

3. DOUTORAMENTO: máximo 6 puntos, segundo a distribución que se indica. Deberá acreditarse con copia do título, certificación académica ou solicitude ata:

<b>DOUTORAMENTO</b>	<b>Puntuación</b>
Doutoramento Europeo APTO CUM LAUDE	6
Doutoramento APTO CUM LAUDE	5
Doutoramento Europeo APTO	3
Doutoramento APTO	2

4. COÑECEMENTOS: Máximo 35 puntos segundo a distribución que a seguir indícase:

<b>CRITERIO</b>	<b>PUNTUACIÓN MÁXIMA</b>
<b>Valorase:</b>	
Formación práctica en Administración de clusters (0,1 por mes de formación) ou 1 punto por curso superior a 10 horas	8,00
Formación o participación en proxectos I+D: <ul style="list-style-type: none"> <li>- Formación en xestión de proxectos europeos (2 puntos)</li> <li>- Participación en proxectos rexionales de I+D+i (2 puntos por ano)</li> <li>- Participación en proxectos nacionais ou europeos de I+D+i (1 punto por ano)</li> </ul> Soamente se puntuará 1 proxecto por ano natural.	4,00
Coñecementos de ferramentas de monitorización <ul style="list-style-type: none"> <li>- 1 puntos por cada curso de formación en ferramentas de monitorización</li> </ul> 0,1 puntos por mes no caso de formación práctica	4,00
Formación en Linux ou Unix: <ul style="list-style-type: none"> <li>- 1 puntos por cada curso superior as 10 horas</li> <li>- 0,1 puntos por mes en caso de formación práctica ou experiencia</li> </ul>	8,00
Formación ou experiencia práctica en administración de sistemas de colas. (0,1 puntos por mes)	5,00
Coñecementos de linguaxes de scripting: perl y python. <ul style="list-style-type: none"> <li>- 1 punto por curso de PERL de mais de 10 horas</li> <li>- 1 punto por curso de PYTHON de mais de 10 horas</li> </ul>	2,00
Coñecementos de SQL, php e java. <ul style="list-style-type: none"> <li>- 1 punto por cada curso de mais de 10 horas</li> </ul>	2,00
Formación práctica o experiencia en administración de BBDD opensource: Mysql, PostgreSQL. 0,1 puntos por cada mes ou 1 punto por cada curso superior as 10 horas.	2,00